

Visitantes de nivel, residencia na miña casa:

José Cardona Grigori, da Comisión de Defensa Evanxélica.

Adolfo Araújo, secretario da Sociedade Bíblica Británica y Extranjera

Axencia de viaxes:

Vía que abusaban dos meus clientes con cobros exorbitantes de comisión sobre billete. Pensei en liberalos de semellante abuso. Conseguí a penas un 2% sobre o prezo oficial das pasaxes e facía eu todos os trámites, de penais, pasaporte, etc. O negocio estaba no que me compraban: maleta, elementos de hixiene e agasallos: perfume para a dona do patrón alá.

Comezo: ano 50, sangría terrible. Ata o 65. Primeiro Arxentina e Uruguai; despois Brasil e Venezuela.

Nunca tiven denuncias porque, aínda que moito fixese (mesmo acompañaba os emigrantes a Vigo), non tiña negocio montado.

Fíxose tradición levar unha boa biscoitada aos empregados da axencia de viaxes en Vigo, que comían con gusto (eles e a familia) o que saía dos ovos e o millo da casa do emigrante.

Novas de Rusia [OLLO SEMIRAMIS]:

Contacto con personalidades evanxélicas de máximo nivel

Alianza Evanxélica Española, 125 anos de antigüidade. Dirixida por estranxeiros. Por iso non a rebentaron.

A Alianza Evanxélica ten fondos de emerxencia para catástrofes e guerras; e seccións en cada país. Os evanxélicos alemáns mandaban moitos alimentos a Rusia, para os prisioneiros. Por iso tiñan relación cos que andaban por Rusia. Os españois que alá andaban, prisioneiros e exiliados, sabían desta conexión e mandaban novas ás

familias. A Alianza Evanxélica Española escollía persoas de confianza por zonas e íalles mandando copia das cartas -en alemán- que contiñan información perigosa porque nelas se facían referencias a roxos, o cal podía repercutir negativamente nos seus parentes e achegados, segundo a represión volvía tomar folgos.

Era traballosa atopar as familias porque andaba todo moi mudado. A xente íase en masa. Marchaban para Madrid, Barcelona, Bilbao, e América.

Íaselles dando razón de cómo andaban por aquela fin de mundo.

Visita á Regüela en bici. Anuncio á familia de que o fillo é vivo en Siberia. Agradecemento manifesto: compra malia a prohibición (cura desa parroquia moi agresivo) [Parroquia do Tomás, enlace a través del e con coidado, porque era familia falanxista, con avó miliciano de brazaletes]... Volta do soldado co paso dos anos. Recepción na estación con banda de música. Emprego inmediato na Constructora. Logo de que don Onésimo facía a traducción das cartas, tomábanse notas por duplicado en senllas libretas e destruíase o documento de orixe. Medo á represalia. Don Onésimo, cómplice [Inicio do asunto. Preguntas a don Onésimo. Primeira carta, a reacción do banqueiro. Axudas para localizar persoas por medio do banco].

A pelexa pola auga: Había tres traídas privadas ata ano 60 (?), que chegaban a algunhas casas. Sorte enorme do primeiro baixo, de xente vida abaixo, castigada pola condición de masón do fillo. Pero en vila en aba de monte, auga a esgalla, para todo o mundo. Fama de pozos en calquera casa.

Compra da nova casa. Pozo.

Paso da auga con goma, sen impedimento do concello [Alcalde falanxista boa persoa, tal vez influído por don Onésimo].
Aproveitando obras na rúa, permiso para atravesala cun cano.

A primeira droguería: Idea do dono da Luguesa, para facer maior o escaparate, colocar espellos aos lados e enriba. Con luz, efecto extraordinario.

Lexívia: Calquera facía lexívia. Non se pagaba contribución, todo era unha trampa.

Nós vendiamos paquetes, de 1 e 2 pesetas, de pos para facela, envoltos con moito coidado, porque os pos de gas eran moi perigosos. Atacaban os ollos e as vías respiratorias [Ollos da Carmiña chorosos. Precaucións]. A Sosa Solvay chegaba en sacos de 100 quilos, e os pos de gas en barricas de 80. En Curtis había unha fábrica de arseniato de calcio e arseniato do chumbo pero o que nós usabamos proviña de Conde, da Coruña.

Deducimos (a Carmiña e eu) que había negocio para facer a lexívia; e, como tiñamos a sorte da auga na casa, decidimos responder á demanda dando algo de calidade.

[Asociación de ideas. Cheiro a lexívia da pensión de Cáceres. Memorias de Cáceres. A escola de artes e oficios. O mestre. O libro alemán]Eu tiña comigo o libro de Cáceres e alí estaba a fórmula áurea da lexívia. Sempre me chamara a atención nela o dicromato vermello de potasa, derivado do cianuro potásico ao que tan afeccionados eran os alemáns. Como a fórmula era alemana e iso xa per se era garantía de calidade, pedinlle a Conde o dicromato para os ensaios. O resultado foi extraordinario. Cunha presadiña do

dicromato a lexivia tomaba unha cor palla mesmo luminosa, ben diferente das que por aí se vendían.

Construí un primeiro depósito de 80 litros nun espazo libre do baixo (sobre rúa lateral) e comezamos a produción. Susto ao botar os pos sobre a auga. Cumpría saír fóra a respirar logo de botalos e antes de remexer. Para os 80 litros, o cunco da man cheo de dicromato.

A demanda aumenta malia os avatares e chéganse a facer tres potadas diarias. Segue o aumento e fago depósito de 800 litros. CORTE DA AUGA.

Corte da auga: O xuíz da vila falla a favor da dona, por captura fraudulenta de recurso propio dela. Apelación na Coruña.

Ratificación de sentenza.

Segunda casa, para medrar no negocio. Ano 195... Xanelas a rente de fachada, sen galería nin balcón. Tres pisos. No baixo, baixo a escaleira, o porco. Masa de terra con excrementos. Lugar onde cavar pozo á primeira vista. Enfronte do baixo da droguería.

(Criada a transportar tinas de auga da fonte da praza do Conde)

No primeiro andar, o Boasnoites. Dous andares máis.

A casa víñase abaixo e o Ameneiro esperaba que a dona lla entregase barata. Daquela non había carto ningún. 90.000 pts parecíame moi rezoable. Eu tiña 10.000, produto da lexivia. Necesitaba a auga malamente.

Compra: 10.000 de adianto. Papel en libreta de fillos: adianto a conta -> [Escena escura: viúva pobre. Medo a retracto por presión do crego]

En primeira instancia, pagala, e facer pozo.

Pozo, logo de retirar as camadas infinitas de esterco do porco. Pozo perfecto, que seguía o ritmo das mareas. Daba para quen quixese, memo para veciño falanxista que fixo obra de auga na casa e esixía entrega [¿contraprestación?]

Inscripción do cemiterio: Orde ao secretario do concello dada por cregos ou falanxistas, que comían do mesmo pote.

Dictadura, dictador, impostor: impositor, que se impón á forza.

